

A Sabana africana

A **Sabana Africana** abarca principalmente a parte central de África nunha banda que atravesa todo o continente e o centro de Sudáfrica. Algúns dos países que forman a Sabana africana son: Quenia, Tanzania, Zambia, Chad, Sudán, Etiopía, Somalia, Zimbabwe, Mozambique, Botswana e Sudáfrica.



A **Sabana** é un espazo xeográfico ou ecosistema que se caracteriza por contar cun clima árido e seco e unha vexetación escasa e espaxada de maneira irregular, sen chegar a formar grandes conxuntos de arbustos ou árbores.

Cal é a flora e fauna da Sabana africana?

A vexetación típica da Sabana africana consta de herbáceas, pastos e gramíneas principalmente.

Na fauna da Sabana africana hai abundantes: antílopes, xirafas, cebras, elefantes, rinocerontes, búfalos, preeiros, leóns, guepardos, hienas, entre outros animais máis que poderedes ver na vosa visita.

Na sabana africana viven numerosas especies de animais, desde mamíferos (como o elefante, o león, o guepardo, a xirafa e a suricata), réptiles (como a tartaruga leopardo, a serpe tigre oriental e o pequeno lagarto raiado) ata insectos (como formigas e termitas).

Como son as **persoas que viven na Sabana africana?**

A maioría dos africanos que viven na Sabana non son nómades, están sempre asentados nun mesmo lugar. Viven en aldeas non en cidades modernas, coas que teñen escasos contactos. Son agricultores que cultivan e crían o gando para alimentar ás súas familias. A vida céntrase ao redor do pobo e cada grupo de idade ten as súas funcións. Os nenos e nenas asisten á escola e tamén axudan a coidar o gando.

Unha das tribos que poderedes coñecer na vosa visita son os <<Masai>> que están moi acostumados ao turismo e mesmo vos poden mostrar o seu pobo, as súas costumes e cultura.



Despois de tanto investigar tamén descubrimos que Tanzania era un país do leste de África e nel atópase un dos parques naturais máis importantes do mundo: O parque natural do Serengueti.

Este parque é tan importante que foi declarado Patrimonio Mundial da Humanidade pola Unesco en 1981.